



ACTA NÚM. 5/2022.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2022.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 3 de agosto de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15.06.2022.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 2/2022.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A NOVA MARCA GRÁFICA DO CONCELLO DE BRIÓN.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2022.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 7/2022 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO).

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 8/2022 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO).

7º) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE CAMBIO DE PORTAVOZ.

8º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2021.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022.

10º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15.06.2022.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 4/2022, do 15.06.2022.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 2/2022.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 02.08.2022, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Por esta alcaldía con data 16.06.2022, ditouse o seguinte decreto:

“ 1. Por acordo do Pleno do 09.02.2022 aprobouse a participación do concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2022" da Deputación da Coruña, aprobándose xunto ao Plan base o Plan complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación de indican, e aprobar os correspondentes proxectos:

1. Mellora do viario de acceso a Babenzo, cun orzamento de: 268.277,17 euros.

2. Mellora do viario de acceso a Gosende, cun orzamento de: 136.720,05 euros.

Total orzamento: 404.997,22 euros.

2. A Deputación da Coruña con data maio de 2022 remite circular sobre aprobación da modificación das bases do POS + 2022, para regular o POS + Adicional 2/2022 para gasto corrente/investimentos financeiramente sostibles/revisión excepcional de prezos, comunicando que a achega que lle corresponde ao concello é de: 424.817,34 euros, informando que o concello poderá destinar esta achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan complementario ao POS+2022 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles, a gastos correntes ou á revisión excepcional de prezos.

Considerando que o Pleno en sesión do 09.02.2022 facultou expresamente a alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña,

cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+2022, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Mellora do viario de acceso a Babenzo	268.277,17				268.277,17
Mellora do viario de acceso a Gosende	136.720,05				136.720,05
TOTAL	404.997,22				404.997,22

2º) Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS + Adicional 2/2022, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.””

2. Resultando que a asignación da Deputación ao POS + AD 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos ascende a contía de: 424.817,34 euros.

3. Resultando que para investimentos financeiramente sostibles foron solicitados: 404.997,22 euros, polo que queda pendente de aplicar a cantidade de:19.820,12 euros, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	19.820,12

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	19.820,12				19.820,12
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	19.820,12				19.820,12

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (1) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A NOVA MARCA GRÁFICA DO CONCELLO DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 02.08.2022, que transcrita di:

Considerando que o Concello de Brión ven utilizando normalmente un logotipo, escollido entre máis de 100 propostas presentadas a un concurso convocado no ano 2009, onde se podía ver unha torre na que se diferenciaba a letra B.

Visto que este logotipo presenta unha serie de problemas técnicos á hora do seu uso en determinados soportes impresos e que non dispón dun manual de identidade gráfica o que implica que convivan multitude de variantes diferentes do mesmo.

Vista a necesidade de adaptar a imaxe de marca do Concello de Brión aos novos tempos e ás novas tendencias en deseño e convertela en máis atractiva, transversal á realidade actual e que se poida aplicar en todos os ámbitos municipais dende a papelería, ata a sinalética pasando tamén pola súa utilización nas novas tecnoloxías.

Visto que a proposta de deseño realizada polos técnicos municipais engloba todas estas necesidades e que vai dotar ao municipio dunha marca con coherencia interna e carácter propio que axudará a comunicar mellor, e considerando conveniente a súa aprobación polo pleno para que sexa de xeral coñecemento e utilización, propono:

Primeiro.- Aprobar a nova imaxe de marca do Concello, que é a seguinte:



Segundo.- Este cambio de marca non suporá ningún gasto para as arcas municipais xa que o deseño foi realizado internamente por técnicos municipais e o seu proceso de implantación realizarase de xeito paulatino, despregándose pouco a pouco a medida que as necesidades o esixan, utilizándose as existencias en papelería que se atopan actualmente no concello ata o seu esgotamento.

Terceiro.- Esta é a miña proposta non obstante o pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que ímonos abster, porque supón gastos extras para o Concello, e non nos parece un cambio moi actual; se resolve algún problema é aceptable, pero ao mellor podía facerse doutro xeito.

O Sr. Alcalde sinala que os técnicos do Concello decatáronse que o anterior ofrecía problemas técnicos, e non custa nada, e creo que é importante para o Concello.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2022.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 02.08.2022, que transcrita di:

O orzamento do Concello de 2022 foi aprobado polo Pleno en sesión do 20.04.2022, publicándose resumido por capítulos no BOP do 25.05.2022.

Entre os anexos ao mesmo figura o anexo de subvencións nominativas 2022, no que figura entre outras a seguinte:

Entidade beneficiaria: Asociación de Mulleres Xuntanza. CIF: G15642440. Finalidade: Promover actividades e servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Importe: 2.800,00 euros. Aplicación orzamentaria: 334.489.00. Denominación da aplicación orzamentaria: Promoción cultural. Outras transferencias.

Visto o escrito desa asociación de data 27.06.2022, con rexistro de entrada núm. 20220000001832, no que comunica a disolución da asociación e a renuncia á subvención.

Visto que no orzamento de 2022 existe consignado crédito para as seguinte entidades deportivas:

- S.D. Brión: Aplicación: 341.489.00; importe: 5.700,00 euros.
- S.D. Luaña: Aplicación: 341.489.00; importe: 3.200,00 euros.
- Bastavales UD: Aplicación: 341.489.00; importe: 10.000,00 euros.

Resultando sen embargo que no anexo de subvencións nominativas do orzamento, por erro, non figuran especificadas estas subvencións, e igualmente figura un beneficiario de subvención coa denominación do Club Atletismo Brión, con CIF:G70604590, cando realmente a súa denominación é Club Deportivo Brión, con CIF:G70604590.

Visto o expediente tramitado e o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas 2022 que fora aprobado xunto co orzamento xeral polo Pleno con data 20.04.2022, de xeito que se incorporen ao mesmo as seguintes modificacións:

- 1.1. Se elimina a subvención prevista para a Asociación de Mulleres Xuntanza, por disolución e renuncia.

1.2. Se incorporan as seguintes subvencións:

- 1.2.1. Entidade beneficiaria: Sociedad Deportiva Cazadores de Altamira. CIF: G15319650. Finalidade: Promoción do deporte. Importe: 2.800,00 euros. Aplicación orzamentaria: 341.489.00. Denominación da aplicación orzamentaria: Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias.
- 1.2.2. Entidade beneficiaria: Sociedad Deportiva Brión. CIF: G15547102. Finalidade: Promoción do deporte. Importe: 5.700,00 euros. Aplicación orzamentaria: 341.489.00. Denominación da aplicación orzamentaria: Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias.
- 1.2.3. Entidade beneficiaria: Bastavales Unión Deportiva. CIF: G15565161. Finalidade: Promoción do deporte. Importe: 10.000,00 euros. Aplicación orzamentaria: 341.489.00. Denominación da aplicación orzamentaria: Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias.
- 1.2.4. Entidade beneficiaria: Sociedad Deportiva Luaña. CIF: G15425168. Finalidade: Promoción do deporte. Importe: 3.200,00 euros. Aplicación orzamentaria: 341.489.00. Denominación da aplicación orzamentaria: Promoción e fomento do deporte. Outras transferencias.

1.3. Se corrixe a denominación dun beneficiario de subvención:

Onde di: Club de Atletismo Brión, con CIF:G70604590, debe dicir: Club Deportivo Brión, con CIF: G70604590.

2º) A aprobación inicial da modificación someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran durante ese prazo, considerarase definitivamente aprobado; de non ser así, deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva. Unha vez aprobado definitivamente e aos efectos da súa entrada en vigor, o acordo deberá publicarse no BOP e remitir copia a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3º) Tramitar este expediente como expediente anticipado de gasto, polo que a aprobación deste acordo queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor da modificación do orzamento para o exercicio 2022 no que se conteña o crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste acordo.

Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior. En ningún caso este acordo xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ímonos abster polos mesmos motivos que cando veu o orzamento; a Asociación de Mulleres Xuntanza non tiña ningunha utilidade e non entendemos como se meteu no orzamento; estamos de acordo co resto, non coñecemos o criterio de selección e non coñecemos o informe de intervención sobre as nominativas; non estamos de acordo coa subvención á Asociación de Cazadores e botamos en falta subvencións para as Anpas dos colexios e finalmente lamentar ese erro na confección do orzamento.

O Sr. Alcalde sinala que non se metera aos cazadores este ano, pero como se dissolveu a Asociación de Mulleres Xuntanza e os cazadores estaban aí solicitándoa, pois considerouse oportuno incluíla xa que tiñan eses cartos libres.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 7/2022 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO).

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 02.08.2022, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de suplemento de crédito para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado no orzamento sexa insuficiente e non ampliable, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario acometer as obras relacionadas na Memoria de alcaldía obrante no expediente e descritas nos correspondentes proxectos técnicos, para as que o crédito consignado no vixente orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito número 07/2022 do orzamento municipal para o exercicio 2022, suplemento de crédito nº 01/2022, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
1532	619.00	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OT. INV. REP. INF. BNS USO XERAL (Proxecto: Pavimentación acceso a Gosende e outros) PG 2022/4/PAGOO/1	283.667,63 €
1532	619.04	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OT. INV. REP. INF. BNS. USO XERAL CAM. AMAÑECIDA ATA A GRAÑA E OUTROS	443.473,96 €
171	609.00	PARQUES E XARDÍNS. OUTRO INV. NOVO INFRAESTRUC. E BENS USO XERAL (Proxecto: Cubrición do parque infantil de Inxerido) PG 2022/4/CPINF/1	48.391,82 €
171	609.00	PARQUES E XARDÍNS. OUTRO INV. NOVO INFRAESTRUC. E BENS USO XERAL (Proxecto: Creación de parque canino no Paseo Fluvial do Rego do Pego) PG 2022/4/CREPC/1	47.226,74 €
171	609.00	PARQUES E XARDÍNS. OUTRO INV. NOVO INFRAESTRUC. E BENS USO XERAL (Proxecto: Novo Parque Infantil cuberto en Lamiño) PG 2022/4/PICLA/1	304.545,83 €
171	619.00	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INV. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUC. BENS USO XERAL (Proxecto: Mellora dos parques infantís de Guitiande e da Escola de Os Ánxeles)	47.887,77 €

		PG 2022/4/MPINF/1	
		Total	1.175.193,75 €

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	1.175.193,75 €

Segundo.- Aprobar a modificación do anexo de investimentos do orzamento 2022, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

Terceiro.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que imonos abster non polo fondo, senón pola forma, é un expediente importante, de feito algunhas das actuacións foron propostas polo noso partido, así as cubertas dos parques e o parque canino, pero non debía facerse así, debía negociarse antes con todos os grupos; en canto á inclusión dunha obra que está feita máis do 80% é unha cuestión máis técnica que política, non lle vemos moito sentido incluíla nun expediente de modificación de créditos.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que no proxecto de Os Ánxeles se está a facer agora un muro de contención que supoñemos que non está incluído neste proxecto.

O Sr. Alcalde sinala que a técnica municipal dixo que non se pode facer o parque porque estaba caéndose e por iso fíxose.

O Sr. Concelleiro continúa sinalando que é contorno de protección e no proxecto se di que non é necesario informe de patrimonio e que a solución acaída no muro non encaixa no contorno, é unha solución bastante discutible. Engade que no tema do parque canino, a proposta nosa, vemos que vai con elementos de xogo e non sabemos se o faloron cos donos dos animais porque a nós dixéronos que o que queren son espazos amplos, e que iso reduciría o gasto do investimento e de limpeza periódica.

O Sr. Alcalde sinala que reunímonos cos presidentes das urbanizacións e solicitaron espazos para adestrar cos cans, que o fixeramos non só como espazo baleiro, senón con elementos para adestrar, non podemos poñer a todo mundo de acordo, e o mantemento pois se incluírá no plan de limpeza que se faga.

O Sr. Alcalde sinala que é un muro de pedra do país, eu non entro na estética, e que se a técnica veu que ía caer, había que facelo e tomouse a decisión de executar aquilo; engade que o parque de Inxerido é certo que non debía terse iniciado, pero é un contrato menor polo importe e falouse con varias empresas e ningunha quería facelo por ese prezo e houbo unha que si pero que tería que facelo xa, era importante e iniciouse o parque, e remata sinalando que co orzamento se dixo que se ían facer todas estas obras, loxicamente con cargo ao remanente de tesourería, se non se falou agora cos grupos, pídovos desculpas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (1).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).
Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 8/2022 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO).

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 02.08.2022, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal non exista crédito consignado no orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario acometer as obras relacionadas na Memoria de alcaldía obrante no expediente e descritas no correspondente proxecto técnico, para a que o crédito consignado no vixente orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito número 08/2022 do orzamento municipal para o exercicio 2022, crédito extraordinario nº 01/2022, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
454	619.00	CAMIÑOS VECIÑAIS. OUTROS INV. REP. INFRA., BNS USO XERAL. (Proxecto de mellora de camiños municipais: Camiño de Rañalonga)	
		PG 2022/4/MCRAÑ/1	48.329,99 €
		Total	48.329,99 €

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	48.329,99 €

Segundo.- Aprobar a modificación do anexo de investimentos do orzamento 2022, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

Terceiro.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (1) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE CAMBIO DE PORTAVOZ.

Dada conta do escrito asinado polos dous membros do grupo municipal do BNG do 13.06.2022, no que se comunica o cambio do portavoz, pasando a ser portavoz do grupo o Sr. Concelleiro Xosé Luís Penas Corral, o Pleno queda enterado.

8º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2021.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2021 aprobada por resolución da alcaldía do 21.06.2022, que transcrita di:

ANTECEDENTES:

Confeccionada a liquidación do orzamento municipal do 2021, de conformidade coa normativa de aplicación, e especialmente coas seguintes disposicións:

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, art.191 a 193.
- Real Decreto 500/90 de 20 de abril; art. 89 a 105.
- Orde EHA/3565/2008, pola que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, aproba a instrución modelo normal de contabilidade local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (regulamento).

Emitido o informe preceptivo pola Intervención municipal en data 21 de xuño do 2022 de conformidade co establecido no art. 90.1 do RD 500/1990, de 20 de abril e do art. 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD Lexislativo de 5 de marzo, así como o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda en data 21 de xuño de 2022.

En virtude das competencias que me confire a normativa e de acordo co establecido nas bases de execución do orzamento municipal, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2021, que ten os seguintes resultados:

a.- Resumo por capítulos:

GASTOS PRESUPUESTARIOS	C.I.	M.C.	C.D.	O.R.N.	%	PAGOS REALIZADOS	REINTEGRO DE PAGOS	PAGOS LÍQUIDOS	PENDIENTES DE PAGO
1. Gastos de personal	2.598.782,44 €	-957,44 €	2.597.825,00 €	2.375.117,49 €	91,43	2.449.924,85 €	127.430,56 €	2.322.494,29 €	52.623,20 €
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	2.756.435,21 €	230.943,06 €	2.987.378,27 €	2.715.281,84 €	90,89	2.715.281,84 €	0,00 €	2.715.281,84 €	0,00 €
3. Gastos financieros	7.600,00 €	121.295,38 €	128.895,38 €	128.139,19 €	99,41	128.139,19 €	0,00 €	128.139,19 €	0,00 €
4. Transferencias corrientes	559.744,62 €	89.287,46 €	649.032,08 €	612.076,65 €	94,31	628.208,91 €	16.132,26 €	612.076,65 €	880,87 €
5. Fondo de contingencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Inversiones reales	763.475,71 €	1.996.874,38 €	2.760.350,09 €	1.522.827,24 €	55,17	1.563.698,36 €	42.256,80 €	1.521.441,76 €	1.385,48 €
7. Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8. Activos financieros	24.000,00 €	0,00 €	24.000,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	6.710.037,98 €	2.437.442,84 €	9.147.460,82 €	7.353.442,41 €	80,39	7.485.253,15 €	185.819,42 €	7.299.433,73 €	54.008,68 €

INGRESOS PRESUPUESTARIOS	P.I.	M.C.	P.D.	D.R.N.	%	DERECHOS RECAUDADOS	DEVOLUCIONES DE INGRESOS	RECAUDACIÓN LÍQUIDA	PENDIENTE DE COBRO
1. Impuestos directos	2.099.445,18 €	0,00 €	2.099.445,18 €	1.937.678,93 €	92,29	1.946.053,62 €	8.374,69 €	1.937.678,93 €	0,00 €
2. Impuestos indirectos	115.000,00 €	0,00 €	115.000,00 €	136.254,28 €	118,48	122.856,35 €	8.962,44 €	113.893,91 €	22.360,37 €
3. Tasas y otros ingresos	1.319.128,57 €	0,00 €	1.319.128,57 €	1.280.121,25 €	97,04	1.256.278,19 €	691,95 €	1.255.586,24 €	24.535,01 €
4. Transferencias corrientes	2.871.494,42 €	299.336,18 €	3.170.830,60 €	3.281.513,97 €	103,49	3.169.797,43 €	11.470,92 €	3.158.326,51 €	123.187,46 €
5. Ingresos patrimoniales	1.052,01 €	0,00 €	1.052,01 €	182,64 €	17,36	182,64 €	0,00 €	182,64 €	0,00 €
6. Enajenación de inversiones reales	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	279.917,80 €	585.184,74 €	865.102,54 €	354.721,24 €	41,00	354.721,24 €	0,00 €	354.721,24 €	0,00 €
8. Activos financieros	24.000,00 €	1.552.921,92 €	1.576.921,92 €	155,56 €	0,01	155,56 €	0,00 €	155,56 €	0,00 €
9. Pasivos financieros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	6.710.037,98 €	2.437.442,84 €	9.147.480,82 €	6.990.627,87 €	76,42	6.850.045,03 €	29.500,00 €	6.820.545,03 €	170.082,84 €

b.- Remanente de Tesouraría:

1. + FONDOS LÍQUIDOS	5.630.798,60
2. + DERECHOS PENDIENTES DE COBRO	479.725,04
a. + Del presupuesto corriente	170.082,84
b. + De presupuestos cerrados	307.236,06
c. + De operaciones no presupuestarias	2.406,14
3. - OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO	219.040,58
a. + Del presupuesto corriente	54.008,68
b. + De presupuestos cerrados	1.823,37
c. + De operaciones no presupuestarias	163.208,53
4. - PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN	-27.826,40



	a. - Cobros realizados pdte de aplic.definitiva	33.455,49	
	b. - Pagos realizados pdte de aplic.definitiva	5.629,09	
I. REMANENTE DE TESORERÍA TOTAL (1+2-3+4)			5.863.656,66
II. SALDOS DE DUDOSO COBRO		286.269,41	
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		61.758,17	
IV. REMANENTE TESORERÍA PARA GTOS GRALES (I+II+III)			5.515.629,08
V. SALDO DE OBLIGACIONES PENDIENTES DE APLICAR AL PRESUPUESTO A FINAL DE PERÍODO		44.489,81	
VI. SALDO DE ACREEDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS AL FINAL DE PERÍODO		16,84	
VII. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES AJUSTADO (IV-V-VI)			5.471.122,43

c.- Resultado orzamentario:

CONCEPTOS	DCHOS R. NETOS	OBLIG. R. NETAS	AJUSTES	RTDO PPTARIO
a. Operaciones corrientes	6.635.751,07	5.830.615,17		
b. Operaciones de capital	354.721,24	1.522.827,24		
1. Total operaciones no financieras (a+b)	6.990.472,31	7.353.442,41		
c. Activos financieros	155,56	0,00		
d. Pasivos financieros	0,00	0,00		
2. Total operaciones financieras (c+d)	155,56	0,00		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL E.J. (1+2)	6.990.627,87	7.353.442,41		-362.814,54
AJUSTES (3+4-5)				952.459,52
3. Créditos gastados financiados con RTGG			837.027,96	
4. Desviaciones de financiación negativas del ej.			420.189,26	
5. Desviaciones de financiación positivas del ej.			304.757,70	
RTDO PRESUPUESTARIO AJUSTADO				589.644,98

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación e remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente dos informes de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2021, de data 21.06.2022, e complementario do anterior de data 07.07.2022, que sinalan que: A liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2021 incumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e o límite da regra do gasto, e cumpriría co límite de débeda, emitíndose este informe en cumprimento de imperativo legal, se ben con efectos meramente informativos, ao estar as regras fiscais suspendidas.

O Pleno queda enterado.

9º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022.



Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 1º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

10º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González